



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Delegación competencias Xunta de Gobierno Local 2015

DECRETO

Constituída a Xunta de Goberno local e de conformidade co disposto no Art. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acordo:

1º) A Xunta de Goberno local asumirá as competencias de asesoramento e asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións; será por tanto un órgano de asistencia de carácter consultivo, cun asesoramento exercido permanentemente sen necesidade de solicitude previa á convocatoria nin tampouco celebración de sesión, sen prexuízo de que esta Alcaldía poda solicitar esta asistencia en casos excepcionais para resolver aqueles asuntos que polo seu matiz político ou especial trascendencia merezan coñecer o parecer da Xunta de Goberno.

2º) Deléganse na citada Xunta todas aquelas competencias de carácter resolutivo ou de decisión que sexan delegables e non teñan carácter unipersonal.-

3º) En materia de gastos e contratación para maior celeridade do normal funcionamento dos servizos municipais, a Alcaldía terá competencia ata " VINTE MIL CINCOCENTOS EUROS (20.500,00 €) e partir desta cifra ata os límites sinalados no Art. 21, parágrafo 1 letra ñ) da Lei 57/2003, de 16 de Decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á citada Xunta de Goberno.

4º) As delegacións inclúen a resolución dos recursos que en dereito procedan e que contra os acordos adoptados pola citada Xunta poidan formular.

5º) Estas delegacións surtirán efectos desde o día seguinte ó da data deste Decreto, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do previsto no Art. 44.2 do Regulamento de Organización.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Fisterra a oito de xullo de dous mil quince, do que eu, como secretario, de que certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO,

José Ramón Lema Fuentes

2015/7652